



RESOLUCIÓN, pola que se acorda a concesión dunha subvención directa.

SOLICITANTE	PROXECTO	IMPORTE
Asociación Galega de Hemofilia (AGADHEMO)	"Programa IgualHemos 2017"	2.500 €

Vista a solicitude de subvención formulada pola entidade arriba referenciada, presentada ao amparo dos artigos 19 e 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e tendo en conta os seguintes:

FEITOS

Primeiro. O obxecto da solicitude de subvención é a celebración do "Programa IgualHemos 2017"

Segundo. Na memoria xustificativa da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade de data de 9 de outubro de 2017 valórase positivamente a solicitude presentada, e acredítase o seu carácter singular e as razóns de interese público e social para a concesión da axuda.

Terceiro. O gasto da presente subvención imputarase á aplicación presupostaria 1101.411A.481.1 Actividades de interese sanitario, dos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para o exercicio de 2017

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro. A Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, dispón no seu artigo 7.1 a competencia dos conselleiros para conceder subvencións, dentro do ámbito competencial da respectiva consellería.

Segundo. O artigo 19.4.c) do mesmo texto legal establece a posibilidade de conceder, con carácter excepcional, subvencións nos casos en que se acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública.

Terceiro. Pola súa parte, o artigo 40 do decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de subvencións de Galicia, en desenvolvemento do artigo 26 desta, establece os requisitos dos expedientes de concesión directa de subvencións que se instrumenten a través de resolución do órgano competente.

Por todo o que antecede, vistos os preceptos indicados e demais de xeral aplicación,



RESOLVO

1. Conceder a axuda por importe de 2.500 € á entidade e para o proxecto arriba referenciado.
2. Esta axuda, que pode concorrer coa concedida para a mesma finalidade por outras administracións ou entes, públicos ou privados, aboarase nun único pagamento, e está sometida ao réxime establecido pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e demais normas de desenvolvemento, polo que o beneficiario haberá de cumprir os requisitos e obrigas que esta establece, en particular, facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, polo Tribunal de Contas e polo Consello de Contas, así como xustificar, nos termos establecidos pola anterior normativa, a aplicación dada á axuda concedida.
3. O beneficiario queda obrigado ao reintegro da subvención percibida no suposto de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión.
4. O pagamento da presente axuda requirirá a presentación polo adxudicatario da seguinte documentación, no prazo máximo de 10 días, contados dende o seguinte a que reciba a notificación desta resolución:
 - Escrito de aceptación expresa da axuda.
 - Memoria de actividades realizadas e resultados obtidos.
 - Relación clasificada dos gastos e investimentos da actividade, con identificación do acreedor e do documento, o seu importe e a data de emisión.
 - Facturas orixinais ou documentos de valor probatorio equivalente, xustificativos do gasto, incluídos na relación anterior, xunto coa documentación acreditativa do pagamento.
 - Detalle doutros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada, con indicación do importe e a súa procedencia
 - Certificación bancaria na que conste a titularidade da conta bancaria da entidade e os datos identificativos da mesma.
 - Fotocopia do CIF da entidade beneficiaria.

A presente resolución pon fin á vía administrativa, e poderá ser obxecto de recurso de reposición, potestativamente, ante o órgano que a ditou, no prazo de un mes, de conformidade co previsto nos artigos 123 e 124 da Lei 30/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas ou ben de recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, de acordo co previsto na lexislación reguladora desta orde xurisdiccional.

Todo o cal se lle notifica para os efectos oportunos.

Santiago de Compostela, 07 NOV. 2017

O CONSELLEIRO DE SANIDADE,

Jesús Vázquez Almuiña

